



RES PUBLICA

Certamente é a propiedade privada un ben intrínseco nacido connosco, talvez mesmo desde que o home deu gañado categoría como tal. Non obstante, non é menos certo tampouco que é o ben común, e público por tanto, tanto ou máis vello que aquel. Ambos, logo, son susceptibles de poder ser sometidos ao xuízo, ao noso, e o argumentario, sen dúbida, até poida pintar do máis variado, ademais de controvertido. Onde este dixese negro, o outro podería dicir branco, e o gris é probábel que tamén se deixase ver.

O home é un ser político, dicíanos Aristóteles, pois que a 'polis' ou "cidade-estado" de que procede o vocábulo 'política', xa nos induce a pensar na pertinencia do elemento social, pola necesidade de vivirmos gregariamente e, en consecuencia, do privado e público terse que encontrar de mans dadas, e ás veces mesmo de forma moi pouco amigábel, de maneira que a violencia, acaso como outra expresión intrínseca do noso ser, se veña a converter en ocasións case que en única solución aos nosos dilemas. Así pois, é deste xeito como o mundo xira, co fiel da balanza oscilando temerariamente, e desde os postulados anarquistas e comunistas, abolidores da propiedade privada, até os máis recalcitrantes axiomas defensores do libre mercado capitalista, problemáticamente acuciado desde a mesmísima noite dos tempos.

O home é ser político, aristotelicamente falando. Por conseguinte, a esencialidade do home, e asumindo tal aserto, xamais poderá ser apolítica. E así nos manifestamos, política, ou sexa, socialmente, polo que a centralidade do asunto que hoxe aquí desexamos subliñar, vén cobrar se cadra maior relevancia. En defensa do Poleiro. A voz dos escritores galegos en Celanova, trátase dunha publicación que se decanta precisamente pola 'res publica', querendo

Así pois, é deste xeito como o mundo xira, co fiel da balanza oscilando temerariamente, e desde os postulados anarquistas e comunistas, abolidores da propiedade privada...

colocar no seu sitio, isto é, facendo pública denuncia da situación de risco en que se acha unha parte do antiquísimo mosteiro de Celanova, o coñecido polo sobrenome do Poleiro, de poder ser convertido en hotel de luxo.

O cenobio celanovés foi consagrado co nome de S. Salvador e erixido polo bispo de Dumio, S. Rosendo, quen mandara restaurar con anterioridade o mosteiro de Caaveiro, obras ambas acometidas na primeira metade do s. X. Ao igual que aconteceu coa inmensa maioría dos mosteiros galegos, a desamotización e os diversos avatares históricos acabarían por convertelo hoxe nun edificio de usos públicos. Na actualidade, e aínda que nunha pequena parte está dedicado a residencia do párroco, o certo é que o resto o está a distintas funcións de carácter público, tal é o caso da biblioteca municipal, dependencias municipais e, a maior parte, a instituto de ensino secundario.

Van alá máis de trinta anos que por primeira vez e por mediación da parroquia, S. Rosendo de Canido, puidemos visitar vila e mosteiro de Celanova grazas a unha das súas excursións. O fundador do mosteiro, patrón da nosa freguesía, facía insoslaíbel a visita. Os recordos, con todo, son excesivamente vagos. A comida frugal e en mesas de madeira no claustro, é do pouco que nos acode á memoria. No outono pasado, logo de transcorridos tantos anos, tivemos ocasión de regresar a Celanova, se ben de xeito fugaz; aín-

da que a visita se reactualiza hoxe mesmo con moita maior intensidade, se cabe, ao sermos partícipes do libro que vimos de nomear, En defensa do Poleiro. A voz dos escritores galegos en Celanova. Nel recóllense creacións poéticas, narrativas ou ensaísticas, e aínda que boa parte se centran tematicamente no asunto que motivou a publicación, outros son textos distintos que tamén se queren sumar artisticamente ao feito reivindicativo coa súa palabra, sempre inédita.

A sesentena de escritores que participamos facémolo coa intención de actuar como altosfalantes, e así impedir, na medida en que a palabra impresa sexa capaz, que o mosteiro de Celanova se acabe por transformar nun hotel de luxo. A pretensión do goberno que rexe na actualidade o concello celanovés non é máis que a de privatizalo co fin de cedelo a unha cadea hosteleira; de tal xeito que todas as reformas feitas ao centro educativo, incluído un pavillón de deportes soterrado sen inaugurar (por case tres millóns de euros), resultaron, polo que parece, en van. Tamén, polo que parece, cartos públicos axudaron á restauración do coro e o retablo do mosteiro, cun restaurador da Xunta como imputado por suposto suborno en varios mosteiros de Ourense.

Santos da laicidade, Curros e Celso Emilio, celanoveses de prol ambos, remexédevos nas vosas tumbas, sabede o que está a suceder no "val das torres mergulladas". Malamente a escusa dos beneficios que á colectividade reportará o luxoso hotel poden convencer a ninguén. Tampouco o traslado e construción, alén do malgasto, dun novo centro de ensino a 1 km. da vila. Onde están en realidade os valedores da 'res publica'? Hoxe, e quizá máis que nunca, repugna ver tal desbaldimento do común peculio; e máis repugna cando se sabe que haxa quen se lucre daquilo que a todos pertence.